

EIXE 2 | A Recuperación como meta

SAÚDE: ACOMPANAMENTO PSICOLÓXICO A TRAVÉS DA VIVENDA

Entidade executante

Provivienda (<https://www.provivienda.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Vigo

Persoas destinatarias

Persoas en situación de vulnerabilidade residencial

Obxectivos

Xeral: Aumentar o benestar psicosocial de persoas en situación de vulnerabilidade residencial

Específicos:

Crear ferramentas de abordaxe psicosocial para as persoas con trastornos de saúde mental en situación de vulnerabilidade residencial

Fomentar a participación das persoas con trastornos de saúde mental en recursos de prevención e detección do malestar psicosocial.

Sensibilizar á comunidade sobre a saúde mental e seus coidados.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O programa divídese en 3 liñas:

1- Apoio individual priorizará o apoio emocional de aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade residencial. Na consulta de apoio psicolóxica ofrécense un tratamento que consiste nunha conversa entre un/ha profesional e un/ha paciente, que pode ser acompañado/a por unha persoa da contorna, co fin de axudar a resolver seus problemas persoais ou de relación cos demais, que queiran formular.

2- Obradoiros psicoeducativos grupais:

Contextualización ao apoio psicolóxico: obradoiro onde os participantes poidan coñecer en que consiste o traballo da área psicolóxica.

Estrés -ansiedade- Respirando un respiro: onde se procura o benestar emocional, a través do coñecemento das emocións e as sensacións psicofisiolóxicas que nos transmiten.

Regulación emocional (Emocionario)

Feridas emocionais

Autocoñecemento : Obradoiro que procura o fomento do crecemento persoal

Habilidades sociais, comunicación y autoestima Este taller tiene la finalidad de aprender a relacionarse con uno mismo y con los demás.

3- Intervención comunitaria:

Campaña Sensibilización para profesionales - OIKOS

Campaña Sensibilización para vecinos y vecinas - ESPAZO ZERO